


# Bibliocrocaio recomenda: Xogar con libros, sen parar !




Neste 23 de abril, Día do libro, CROCAIO coida que o noso proxecto de **xogar e contar** pode non rematar xa que nós sempre queremos xogar, ler ou escoitar historias, por iso fíxovos esta selección de libros recomendados para pasar momentos divertidos.

## Para ler aos máis pequenos



**Violín.** Antonio Rubio y Óscar Villán. Kalandraka, 2014.

Dende 3 anos. Kalandraka incorpora á súa colección “de la cuna a la luna” tres novos títulos escritos polo poeta Antonio Rubio. Neste caso, un texto con onomatopeias e a necesaria musicalidade para captar a atención dos máis pequenos.



**Don Caballito de Mar** . Eric Carlé. Kokinos.


Os peixes, unha vez que a nai puxo os ovos e que o pai fecundou, déixannos abandonados a súa sorte. Pero ás veces un dos progexenitores coida dos ovos, e hai especies como o cabaliño de mar, e algún outro, que – sorprendentemente – é o pai o que se encarga deles. Ilustracións moi atractivas.



**Grazas!** Charo Pita. La fragatina.


En **Grazas!** unha neta ten moitas preguntas que facer a súa avoa e esta non ten respostas. O certo é que non fai falta sabelo todo, comprendelo todo, analízalo...

## Para ler os que acaban de aprender




**Tío Lobo.** Xosé Ballesteros. Kalandraka

Adaptación de “**Tío Lobo**” baseada nun conto tradicional italiano. Trátase dun texto que introduce aos primeiros lectores no xénero dos «contos de advertencia». Aqqqqqqq historia vai desembocar nun final inesperado. Un relato moi recomendable para ser contado en voz alta (e en compañía).




**La canción del oso.** Benjamin Chaud. Edelvives, 2014

Desde 6 anos Perseguido o seu fillo osiño, que a súa vez persigue a unha abella, o gran oso chega ata a ópera de París. O percorrido por increíbles esceas, compostas cunha gran abundancia de detalles e elementos decorativos, leva ao lector a aguzar a vista para tratar de localizar ao osiño. Un libro para observar que tene tamén un divertido texto que non se esgota nunha primeira lectura



**Abezoo** . Carlos Reviejo. Edirtorial SM


Abecedario de animais para descubrir o mundo das letras e familiarizarse coa poesía. Impresionantes ilustracións de Javier Aramburu e fermosos versos de Carlos Reviejo.



**Dinosaurio Belisario.** Pepe Cáccamo. Kalandraka

Esta é a historia rimada dun tirano que se cría intocable: “verde, branco, gordo, enorme. Belisario era o terror no mundo ao arredor”. Pero ás veces a vida dá sorpresas.

## Para os que xa len de corrido



**Rubicundo.** María Canosa. Xerais . 9 a 12 anos.

Cada noite Erea espertaba cun chii-chi-chiiii, o renxer característico da bicicleta do seu veciño e saltaba da cama para velo saír. A ela non lle sorprendía nin que a bicicleta fose daquelas antigas que tiñan unha roda grande diante, e outra pequena detrás. Tampouco lle sorprendía o nome do seu veciño: Rubicundo. Nin lle parecía raro que todas as noites subise na súa bicicleta e comezase a viaxe enriba da árbore do seu xardín, ata perderse de vista. A Erea o que si lle parecía estraño era a súa indumentaria...



**Otto é un rinoceronte** . Ole Lund Kirkegaard .Alfaguara.

Un dos títulos máis emblemáticos deste autor danés .Unha escritura sinxela, con diálogos chispeantes e absurdos, tolas aventuras nas que á imaxinación é importante. Aos nenos protagonistas gústalles xogar e buscan a independencia fronte ao mundo adulto e as súas normas.



**La fábrica de monstruos**. Ana Alonso . Anaya.

Os monstruos Fóster son o xoguete de moda. Óscar soña con ter un, pero cando o consegue, descubre que detrás da fabricación de estos xoguetes ocúltase un escuro segredo... e que os monstruos Fóster poden chegar a ser realmente sorprendentes.


Con este libro xogarán coas cores primarias e cores secundarias e as relacións entre uns e outros.

## Para os que len moito




**Xenaro e a negra sombra**. Mar Guerra. Merlín.Xerais.

Xenaro, é un e enfadado... Abúrrase de vacacións e bota de menos os seus amigos .Que semana a que pasaron de viaxe de fin dos estudos primarios! Como esquecer o Encarrapuchado e os seus lobos! Era un home? Un espectro? Estes e outros misterios son os terán que resolver durante a estadía no albergue do Porroutó, antes de que o remate da Primaria os leve a institutos distintos.



**O pequeno vampiro**. Angela Sommer-Bodenburg. Alfaguara.

A Antón sucedeulle algo marabilloso; algo que ata ese momento só sucedía nas novelas de terror ou misterio que tanto lle gustaban: coñeceu a Rüdiger, un neno-vampiro dos de verdade.



**El tenebroso libro de los monstruos**.Stilton. Planeta.

Libro especial da colección Tenebrosa Tenebrax. Si vos gusta explorar terras descoñecidas, seguíde a Geronimo e Tenebrosa na súa longa viaxe polo Valle Hórrido, ata o outro lado dos Montes del Yeti Pelado. Van a acompañar a casa a Bichito, un tenro monstroiño ao que alguén deixou na pota do Castelo da Cal ...




## Para escoitar, cantar, bailar e xogar:



Libro disco:

**A Gramola Gominola**, grupo que presenta o seu primeiro libro-CD cun percorrido polos estilos musicais contemporáneos para os máis novos. Ritmos adultos con letras nas que se abordan temas como os deberes, os cromos, os xogos, ou cantan sobre Barriga Verde a ritmo colaboracións de Luís Tosar, Pablo Dalama, Xenderal ou Mini e Mero.



**Tangrams magnéticos**. Editorial Combel

Unha colección de puzzles de tangram con máis de 150 figuras para poñer a proba o inxenio. Cinco xogos de tangram e un taboleiro magnético. Ao final do libro atópanse as solucións ás figuras propostas.



**Los 10 mejores juegos del mundo**

Combel presenta unha selección dos mellores xogos de taboleiro do mundo. Con este libro-xogo para toda a familia descubriredes novas formas de divertirse. Inclúe os taboleiros, as fichas e un dado para montar, todo o que necesidades para descubrir un mundo de xogos!

E que mellor para pechar estas recomendacións que o libro CD **Brinca Vai!** de Paco Nogueiras, con ilustracións coma esta do magnífico David Pintor, que cantamos e cantaremos moito tempo porque ten temas moi divertidos e axeitados para as festas do ano na escola: o libro, o nadal, o entroido, os xogos...

